



Concello de Xove

BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NO: **III CONCURSO FOTOGRÁFICO DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO** **AMBIENTE: “Cal é o teu lugar preferido de Xove?”**

O Departamento de Medio Ambiente do Concello de Xove co obxecto de, mediante a imaxe e a súa reflexión, incentivar a participación cidadá na protección do medio ambiente, establece as seguintes bases para a participación no III Concurso Fotográfico do Día Mundial do Medio Ambiente:

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da participación no concurso de fotografía medioambiental organizado polo Concello de Xove.

Coa posta en marcha deste Concurso preténdese **POTENCIAR O COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL DO NOSO CONCELLO**. Para a consecución deste obxectivo, buscamos a imaxe preferida de cada participante do espazo natural (praia, campo, monte, río, xardín, árbore, pena,...) do Concello de Xove. **Pode ser unha fotografía dese lugar ou dunha persoa realizando algunha acción nesa contorna natural.**

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

-Poderá participar no concurso calquera persoa.

-Para participar as fotografías enviaranse por correo electrónico a medio.ambiente@xove.es.

-No correo electrónico, ademais de incluír a fotografía participante, haberá que incluír tamén a seguinte información:

- o Nome, apelidos e data de nacemento da autora ou autor.
- o Descrición ou título da fotografía e localización.
- o Número de teléfono de contacto.
- o Declaración responsable, que se achega a continuación destas bases, asinada.
- o No caso dos menores de idade tamén se especificará nome, apelidos, e teléfono de contacto das nais/pais ou titora/titor legal.
- o Se na fotografía aparecen persoas deberán indicarse os seus datos e a conformidade para ser fotografada/o.

- Tódalas fotografías do concurso poderán ser expostas ou publicadas en internet ou impresas en folletos e publicacións de promoción do Concello de Xove, para súa difusión sen ánimo de lucro. As fotos seguirán sendo propiedade dos autores.

-As imaxes deberán ser realizadas polos propios participantes. En ningún caso se



Concello de Xove

aceptarán imaxes copiadas ou realizadas por persoas distintas das participantes.

-A/o participante asinará unha Declaración Responsable de ser a/o autor/a da fotografía que presenta, que enviará xunto á mesma ó correo medio.ambiente@xove.es. No caso de que o/a participante sexa menor de idade, a Declaración Responsable será asinada polo seu nai/pai ou titor/a legal.

-Cada participante poderá presentar unha soa fotografía. A mesma deberá enviarse en formato JPG e nun tamaño mínimo de 1 MG e máximo de 10 MG. A organización do concurso adaptará as fotografías á capacidade da rede na que vai ser publicada.

-O prazo de recepción dos traballos comezará o xoves 2 de maio, e rematará o venres 24 de maio de 2024 ás 0.00h.

-O luns 27 de maio as fotografías participantes serán publicadas, por categorías, na páxina de Facebook do Concello de Xove, onde a cidadanía poderá votar pola súa foto favorita ata o luns 3 de xuño, ás 0:00h.

TERCEIRA.- CATEGORÍAS

Categorías de participación:

- INFANTIL ---- ata os 12 anos.
- XUVENIL ---- de 13 a 17 anos (ambos incluídos).
- ADULTO ---- de 18 anos en diante.

CUARTA.- GAÑADORES/AS

-A foto que máis «ME GUSTA» acade será considerada a máis votada en cada categoría, e polo tanto a gañadora da mesma. No caso de empate, a vencedora será a que conteña máis «ME ENCANTA».

- As/os gañadoras/es daranse a coñecer o mércores 5 de xuño, a través da mesma páxina de Facebook do Concello de Xove, así como na web www.xove.es

-O mesmo día (5 de xuño) comunicarse o día, hora e lugar no que se celebrará a entrega de trofeos ós/ás gañadores/as de cada categoría.

QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación no concurso implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na LOPD. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.



Concello de Xove

SEXTA.- NORMAS DE CONTROL E SEGURIDADE APLICADAS ÁS VOTACIÓNS EN FACEBOOK

O Concello de Xove como organizador do Concurso, resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta da que a Organización sospeite que teña por finalidade ou efecto calquera intento de actuar en fraude da presente campaña ou no incumprimento das súas normas en prexuízo de outros participantes.

O Concello resérvase o dereito de invalidar, expulsar, eliminar ou non ter en conta no cómputo aqueles perfiles que considere sospeitosos de calquera intento de participación fraudulenta, incluído, a modo enunciativo e non limitativo, o intento de rexistro de máis dun perfil de usuario de Facebook por parte dunha persoa, creación de perfiles falsos ou usurpación de identidade.

Do mesmo xeito, o Concello resérvase o dereito de poñer calquera sospeita neste sentido en coñecemento da empresa responsable da plataforma Facebook, para que se adopten as medidas que correspondan. Igualmente, o Concello resérvase o dereito de emprender as pertinentes accións legais que puideran corresponderlle.

O Concello resérvase o dereito a descargar e excluír do concurso calquera resposta enviada polo usuario cando o considere oportuno.

SÉTIMA.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

A participación no presente concurso significa a plena aceptación destas bases.

De acordo con lo establecido en el RGPD y la LOPDGDD, le informamos que el responsable de tratamiento de sus datos personales es el Concello de Xove con dirección en C/ Camiño Real, s/n, Xove. Sus datos personales serán empleados para su inscripción en el concurso organizado por el Concello, según las bases publicadas por el Concello y para la entrega de los premios a las personas ganadoras. Usted tiene derecho a acceder, rectificar o suprimir sus datos, así como otros derechos, tal y como se explica en la información adicional y detallada de protección de datos, que puede consultar en la oficina de la entidad sita en la dirección arriba indicada o bien solicitándola a través de la sede electrónica del Concello: <https://xove.sedelectronica.gal/info.0>.